

"Nación",
premio ao
mellor
documental nos
Premios Mestre
Mateo



Páxina 8

A Xunta
financia a
accesibilidade a
vivendas no
Carballiño



Páxina 9

Inorde e Cámara
de Montalegre
impulsan un
proxecto piloto
sobre a pataca
de semente



Páxina 10

A Xunta
demandará ao
Ministerio o
impulso efectivo
da autovía
Ourense-Lugo



Páxina 12

Primeira reunión
previa á
constitución da
Mesa para a
Diversificación
Industrial de Lugo



Páxina 15



A agrupación de municipios Camiño de Augas Sacras presentouse en Castro Caldelas

Páxina 11



Concello e Paradores acordan impulsar a recuperación da Muralla Medieval de Monforte

Páxina 15



Miscelánea

Yolanda Díaz | Ministra do Traballo e Vicepresidenta Terceira

"Vou tender pontes, a política do ruído e os muros non conduce a nada"

Será vostede a candidata de Unidas Podemos para as próximas eleccións xerais?

Estou centrada nas tarefas de goberno e, especialmente, no Ministerio de Traballo e Economía Social. Entendo que este tema é moi suxectivo, pero agora mesmo estou a traballar polo meu país. **Que condicións teñen que darse no futuro para que vostede sexa a candidata?**

Non é unha formulación de condicións senón de prioridades. Este Goberno ten un gran reto: afrontar os problemas estruturais do mercado de traballo por primeira vez en 42 anos de democracia. Paréceme que teño que estar envorcada nisto.

Vai vostede a liderar a Unidas Podemos dentro do Goberno de coalición?

É o que me toca. Vou seguir sendo de maneira central a ministra de Traballo e Economía Social. Fareino sen prexuízo de que haxa interlocucións políticas, co papel complementario de Pablo Iglesias. **Cando soubo vostede que sería vicepresidenta?**

Decateime, como case todo o mundo sabe, no tempo de desconto. **Fai menos de tres meses entrevistamos a Pablo Iglesias. E cando lle preguntamos cal será o futuro de Yolanda Díaz na política española asegurou: "O futuro de Yolanda Díaz será esperanzador para a esquerda española".**

A reflexión que el fai agradézolla moito, é moi bonita. Vou deixar a

pel polo meu país para transformalo desde unha óptica igualitaria. Creo que o estamos facendo xa. Fronte ao ruído, a parálise e a inacción dalgúns grupos, demostramos que salvamos a empresas, que salvamos a traballadores, que salvamos a autónomos.

Con vostede como vicepresidenta, que cambios imos ver respecto a a etapa anterior? Por exemplo, veremos as discrepancias internas no Goberno menos dirimidas nos medios de comunicación?

Creo que me coñeces. Son galega, non me gusta nada o ruído, mesmo penso que, ás veces, o ruído chega a ser ensordecedor. **A coalición co PSOE vai durar ou existe o risco de que rompa antes do final da lexislatura?**

Non existe ningún risco de ruptura. Se nos consentimos e coidámonos, desde a diferenza, imos ter este goberno durante moito tempo. Vou converter na gran defensora da coalición.

Como é a súa relación coa vicepresidenta Nadia Calviño? Discrepan tanto como parece?

Non, non creo que discrepemos tanto. É coñecido que temos procedencias diferentes, culturas diferentes e lecturas políticas desta crise diferente. É lexítimo e non sucede nada. Aprendo moito das reflexións que fai Nadia e gustaríame que ela aprenda das que eu fago. Somos complementarias. **Entramos en asuntos de materia laboral, do seu Ministerio. Seguro que lembra vostede**

unha frase sobre a subida do salario mínimo: "Son 30 céntimos ao día".

Seguen séndoo.

É posible subir o SMI este ano? Ata cando se manterá conxelado?

A previsión que fan os institutos de crecemento de inflación é do 1,3%. Este é un debate moi importante porque supón pechar o círculo respecto de como entendemos a xestión desta crise, moi distinta ao que fixo o Partido Popular. Aos números remítome: a crise anterior acabou con 551.000 afiliados no Réxime de Autónomos menos e esta crise saldámola cun incremento na afiliación no Réxime de Autónomos. Ou 6.268.000 parados naquel ano 2013, 56% do paro xuvenil, e neste momento, demostramos, con datos terribles en termos de paro –non quero poñer ningún bálsamo aos datos–, que salvamos a máis de 550.000 empresas e a 3,6 millóns de traballadores e traballadoras do noso país. Pero a saída da crise agora non pode ser máis desigual. Non podemos permitir que isto pase. Non é unha preocupación do meu país, é unha preocupación, desde logo, da OIT e de todos os meus homólogos europeos.

Iso pasa por subir o salario mínimo.

É que todos os países europeos subiron o salario mínimo, é unha concepción de políticas de rendas que entende que é positivo facelo. **E ata cando debería estar vixente o mecanismo dos ERTE?**

Ata que sexa necesario.

Cando a Comisión Europea di que quere unha reforma integral e ambiciosa, refírese ao mesmo que vostede?

Totalmente. E xa tivemos todos os encontros coa Comisión Europea. Por falar claro: quero cumprir as súas recomendacións e ter un mercado de traballo baseado na estabilidade no emprego. Non me gusta a palabra radical, pero a reforma ten que ser integral. E



imos moi á ofensiva. Os profesionais do noso país traballan con 42 modelos de contrato. Por poñer un exemplo: a formación é chave pero asinanse escasamente 8.000 contratos formativos ao mes, segundo os datos desta semana. Iso é unha vergoña.

Cando e como se vai a abordar a derogación dos aspectos máis lesivos da reforma laboral do PP? É partidaria de legislar sobre a negociación colectiva se non hai acordo coa CEOE, como lle piden os sindicatos?

O diálogo social é un proceso, é dedicar moito tempo para escoitar e é un deber constitucional. Gustaríame lograr un acordo e demostréino. Ás veces, perdendo gáñase máis.

Como se reducen a dualidade do mercado de traballo e a temporalidade? Basta con reducir o número de modelos de contrato ou hai que fialo a inspeccións?

Todo á vez. Os cambios lexislativos deben operar en dirección adversa ao que fixemos durante 42 anos nos que houbo máis de 50 reformas laborais e sempre na mesma dirección. Hai que reforzar a Inspección. E hai que cambiar a cultura empresarial e sindical do noso país, porque estamos imbuídos nunha cultura baseada na temporalidade. E, por último, cando falamos do plan de recuperación hai que cambiar o modelo produtivo. Non só hai que coidar e consentir á industria española e os seus sectores convencionais senón industrializar o noso país con novos vectores. O cambio ten que ser desde a robótica e a tecnoloxía, sostible e verde, pero tamén para producir cousas.

O paro xuvenil é un problema

urxente e, á vez, endémico. Que medidas concretas vai tomar?

Non podemos saír desta crise sen os mozos. Sería o gran fracaso. Non podemos saír desta crise sen o emprego no centro. Que medidas tomaría? A nova redefinición das políticas activas de emprego é clave e supoñerá un cambio completo na forma de facer as cousas. O plan Garantía Xuvenil +, xa negociado con todos, tamén. Veredes propostas de retorno de talento novo e unha aposta firme para cambiar a dinámica.

O Goberno afronta agora mesmo o debate sobre a reforma das pensións. Comparte o plan do ministro Escrivá presentado a Bruxelas, que pasa por endurecer a xubilación anticipada voluntaria?

O ministro está a dialogar cos axentes sociais. Quero ser sincera e falar en nome de Unidas Podemos: non imos compartir un deseño das pensións que teña que ver con recortes. Non esquezamos que o noso país non ten un problema de gasto público en pensións senón un de ingresos públicos en pensións.

Descarta presentarse ás eleccións á presidencia da Xunta como Iglesias á Comunidade de Madrid?

Coma se estivese no estrado [do Congreso], dou por reproducida a cuestión. Estou centrada no Ministerio. O que si teño é a Galicia sempre comigo.

Texto parcial extraído da primeira entrevista de Yolanda Díaz como vicepresidenta terceira, e que pode ser consultada en eldiario.es.





Noventa anos non son nada

O pasado día 14 deste mes que andamos cumpríronse 90 anos daquel 14 de abril no que no Concello de Eibar os veciños enfervorecidos erguían a bandeira da República na fachada da Casa do Concello. Eran os primeiros en celebrar o resultados dunha eleccións municipais que se converteron en dinamizadoras da posta en marcha da República no Estado Español.

Veñen de cumprirse 90 anos desde que a primeira democracia digna de tal nome chegara a España. Non era perfecta, tivo luces e sombras pero mellor en tódolos sentidos que o réxime corrupto de Alfonso X III.

Claro que aquela República atrevíase a provocar aquel réxime feudal; quería modernizar o ensino, dotar aos cidadáns de dereitos e liberdades, que quería investir máis en mestres que en armamento, que pagou a ousadía con sangue, cun golpe de Estado, cunha guerra que se prolongou artificialmente para xustificar a brutalidade, o xenocidio cruel e sistemático.

Os golpistas de hoxe, que tamén os hai, xustifican a Guerra Civil como a defensa do estado Español dunha ditadura comunista. Hoxe, cando escoitamos e lemos declaración de certos grupos políticos, temos a sensación de revivir aqueles tempos infernais, cruentos, inmisericordes. Xa daquela se falaba dun goberno comunista cando saíra dunhas eleccións organizadas por un goberno burgués; agora falase de social-comunismo para desacreditar a un goberno que saíu, igualmente, despois dunhas eleccións e de acordo coas decisión dos grupos parlamentarios. O historiador Angel Viñas (un dos historiadores que mellor ten estudiado todo o que fai referencia á 2ª República, ofrécenos, sen ser exhaustivo, seis categorías das razóns que daquela se argüían para derrubar a República: a/ A súa ilexitimidade radical dende a súa orixe, b/ O carácter, esencialmente “revolucionario” promovido polas esquerdas, c/ A agresión á que someteu ás forzas vivas do Estado: Igrexa, militares e propietarios, d/ Unha política tendente á destrución da unidade da PATRIA (así en a maiúscula), e/ A esencial incapacidade do Goberno, tamén supostamente ilexítimo, de manter, logo das eleccións de febreiro de 1936, a orde pública, para desembocar nunha revolución que eran preciso previr a toda costa e finalmente, que non no úl-

timo lugar, o perigo de que, unha vez marxistinizada, España caera vítima da estratexia moscovita tendente a penetrar na Europa Occidental polo seu baixo ventre, coa fin de asestar un golpe case que mortal á civilización cristiá e occidental.



Se os estimados lectores teñen a paciencia de reler esta relación de causas que daquela os partidos que apoiaban á coroa consideraban perigosas para o Estado, non lles será difícil apreciar o enorme parecido coas “razóns” que certos partidos da dereita máis cavernícola nos están ofrecendo nestes momentos. En conclusión, para ser breves, a 2ª República non fallou; foi condenada dende o primeiro momento da súa constitución, sen citar a “Sanjurjada” (golpe de estado dado por unha parte do exército, dirixidos polo xeneral Sanjurjo o 10 de agosto de 1932). Dende o seu nacemento foi “minada” polos poderes fácticos que quedaran descalificados e comprobaban como outra maneira de gobernar se impuña. Algo que non estaban dispostos a tolerar. Franco non foi o cerebro do Golpe de Estado do 18 de xullo de 1936; Franco subiuse a un carro que lle puxeron diante; agarrou as bridas dos cabalos e xa nos as soltou ata que morreu na Pardo en 1975.

Estariamos aquí horas e horas escribindo sobre o caldo de cultivo de 2ª República,

dos feito que a provocaron e do comportamento dos líderes políticos que se puxeron á fronte nun primeiro momento. Pero iso resultaría incómodo para lectores de hoxe en día que non están habituados (mellor, non foron educados) a unha lectura pausada, seria e reflexiva. Por esta razón imos centrar as nosas reflexións apenas no eido educativo, cultural, de igualdade de xénero que hoxe tanto botamos de menos, porque a 2ª República, en palabras do historiador Angel Viñas, foi o resultado dunha longa agonía do sistema político da Restauración. Tratábase de homologar as políticas españolas ás dos países do entorno cos que España se tiña comparado dende principios do século XIX: Francia, Alemania e Inglaterra, principalmente.

Polas esixencias do guión, que diría un novelista, imos centrarnos primeiro na educación, na Misións Pedagóxicas; proxecto xa demandado con anterioridade por Francisco Giner en 1881 fundador da “Institución Libre de Enseñanza”, que consistía en levar aos mellores Mestres as aldeas máis apartadas e perdidas do Estado para que as súas xentes foran partícipes dos avances que xa se disfrutaban nas cidades.

As Misións Pedagóxicas apenas contaban con antecedentes en España. Consistía en mandar un grupo de persoas para apoiar o labor que os Mestres estaban a desenvolver nas aldeas. Non se trataba de substituílos senón de completar o seu traballo. Tratábase de facer conscientes aos campesiños que o lecer ten un valor en si mesmo e que todas as persoas teñen o dereito do disfrute que proporciona a cultura: libros, teatro, pintura, música, romances, etc.

Como o teatro non podía chegar as aldeas máis remotas pensouse no teatro de guiñol representando farsas e romances. A ocasión presentouse cando o escritor Rafael Dieste (1899-1981) solicitou ser pensionado para estudar os modos e modismo do idioma popular. A resposta foi que só se concedían becas para o estranxeiro pero que podía facer ese estudio nas Misións Pedagóxicas, ofrecéndolle a dirección do teatro de guiñol, chamado “Retablo de Fantoques”, iniciando o seu labor en Malpica, na Costa da Morte, en outubro de 1933. Serían as sesións de cine as que máis entusiasaban aos campesiños e xente do rural. Era tal a fascinación que moitos atrevíanse a axexar por detrás da pantalla porque querían ver a persoas que

aparecían nela.

O Museo do Pobo era un conxunto circulante de copias de cadros, case que todas do Museo do Prado, feitas por pintores, daquela aínda novos, como Ramón Gaya, Juan Bonafé e Eduardo de Vicente. En xeral as exposicións duraban unha semana en cada pobo deixando, logo, copias que se expoñían nas paredes das escolas.

O Padroado das Misións Pedagóxicas tamén organizaba cursos para os Mestres que pola mañá asistían as súas escolas e pola tarde recibían estes cursos, durante unha semana. O máis importante das Misións Pedagóxicas foron as equipas de persoas novas na súa maioría que ían polos pobos realizando unha extraordinaria labor pedagóxica, descubrindo unha España inédita, descoñecida nas grandes cidades que tiñan uns enormes valores que debían ser coñecidos polos cidadáns das grandes urbes.

Durante a República nas escolas produciuse unha verdadeira revolución. Tema no que nos estenderemos noutra ocasión. Agora só deixar dito que se os fundamentos da República se consolidaran hoxe non estaríamos a falar do serio problema educativo que temos, nin do atraso do campo, nin da miseria cada vez máis agonizante que xa padecen centos de miles de españois. Se a República trunfara como di o refrán “outro galo cantaría”.

Agora só nos resta ir sementando neste campo de croios mentais aquelas ideas que pretendían facer do Estado Español un estado moderno, avanzado no social e no cultural, que puidera estar á altura dos países do entorno. Non foi así e así nos loce o pelo. O máis preocupante é que os forzas políticas que daquela se puxeran á fronte do movemento republicano hoxe, podendo facelo, pónense de medio lado; nin si nin non. Esa postura ambigua que tanto nos irrita a moitos españois. Como podemos ler na Biblia “Deus vomita aos mornos”. Podería ser de aplicación neste caso.

Aos republicanos de verdade saúde e perseveranza na loita; aos herdeiros e defensores da monarquía, tranquilidade porque están en boas mans. O Goberno actual non lles vai sacudir a árbore; recollerán os froitos que boamente lles queira deixar caer.

Como dicían Tip e Coll, “a próxima semana falaremos do Goberno”.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

A mesquindade de Núñez Feijóo

No debate parlamentario do mércores 24-M Ana Pontón (BNG) e Gonzalo Caballero (PSdeG) preguntáronlle ao presidente Núñez Feijóo polos 2M€ de cartos negros á Caixa B do PP presuntamente fornecidos polo PPdeG, segundo a declaración testemuñal do antigo xerente do PP, Luis Bárcenas. O noso Presidente, revalidando outravolta o seu recoñecido liderado nos deportes de lle botar a culpa aos demais e de lle facer oposición á oposición rexeitou responder aos devanditos inquéritos e, no caso do BNG, respondeu dicindo que de catro conselleiros nacionalistas no goberno de coalición 2005-2009 o 25% (é dicir, o conselleiro Fernando Blanco) foi imputado xudicialmente, polo que seica o BNG habería ficar caladiño nos asuntos da corrupción.

Fernando Blanco foi imputado polo Xulgado de Instrución nº 1 de Lugo en abril

2012 e foi liberado da devandita cualidade (agora investigado) no outono de 2018. Dende primeiros de 2014 ficou evidente que non había causa ningunha para manter as pescudas penais, polo que a súa defensa (partillada polos Despachos do prestixioso avogado galego Evaristo Nogueira e de quen asina) pediu o sobreseimento da causa. A xuíza De Lara, instrutora da pescuda penal, adiou estes pedimentos e botou mán de subterfuxios ilegais para non pechar o proceso até o 2018, rematando por desestimar os nosos pedimentos en xuño dese ano, abrindo por primeira vez dende 2014 a porta para que a Audiencia, estimando o noso recurso, archivase a investigación en outubro de 2018.

Núñez Feijóo coñecía todo isto e soubo, ademais, que a xuíza Pilar de Lara foi sancionada con sete meses de suspensión polos ilegais atrasos deste procedemento,

entre outros. Velaí que, naquel outono, chamase ao conselleiro Fernando Blanco e lle parabenizase pola boa, malia que adiada, resolución do caso. É nidio que



ningún Presidente de ningún país europeo parabeniza a ninguén que sae con bo suceso dunha investigación criminal se non acredita na súa inocencia e no acerto dunha tal decisión xudicial.

Poucos días antes do 24-M o Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) emitiu o informe preceptivo que a lei lle encarga para determinar se Fernando Blanco ten de ser indemnizado polo Estado polo anormal funcionamento da Administración de Xustiza e respondeu afirmativamente, considerando que existiron atrasos gravísimos que dilataron moitos anos a única decisión posíbel dende moi axiña para pechar o procedemento: o seu sobreseimento. Os avogados e xuristas sabemos da dificultade dun tal informe, mesmo no caso de demoradas investigacións penais e mesmo períodos de sufrimento de medidas cautelares de cárcere preventivo. É moi difícil que o CXPX diga que ninguén ha ser indemnizado por sufrir a pena de banco. Mais fíxoo xa no caso de Fernando Blanco.

Velaí que a resposta na sé parlamentaria de Feijóo o 24-M sexa mesquiña e indigna da persoa que exerce a Presidencia deste País.

Precisamos dun banco público galego

Nunha recente palestra na Fundación Luzes o profesor da USC Edelmiro López Iglesias advertía do grande gap que a liquidación do subsistema financeiro galego (absorción de Caixa Galicia e Caixanova e dos Bancos Gallego, Galicia, Pastor e Etcheverría) posterior ao 2012-2014 tiña xerado á economía galega, avaliando nuns 21.000 M€ (3.000 M€/ano) o excedente de aforro galego que agora financiaba investimentos doutras economías. Un gap financeiro esmagador que mesmo sería superior se non mantivese Abanca a cota de liderado en activos que mantén. O obxectivo nº un de calquera Goberno nunha tal conxuntura habería ser intermediar ese excedente de

aforro cara á economía produtiva, cara á empresa galega.

Os Bancos Pastor e Galego facían unha banca de empresas achegada ao territorio e boa coñecedora das pemes galegas. Caixa Galicia e Caixanova, con todos os seus problemas de xestión, mantiñan investimentos absolutamente estratéxicos en cadanseus sectores industriais. A liquidación a prezo de saldo dos investimentos empresariais das Caixas deixou ao pairo, a mercede dos grandes Fondos internacionais, empresas estratéxicas. A concentración bancaria fanou de vez as posibilidades de acceso recorrente ao crédito por parte de moitas empresas galegas. Mesmo para empresas potentes do punxente sector conserveiro os Fondos in-

ternacionais constitúen ás veces o principal recurso de financiamento alleo.

As elites extractivas do palco do Bernabeu que manexan o deep state español e os seus voceiros mediáticos adoitan dicir que a Banca pública non encaixa no sistema económico de mercado. Mais, como en tantas outras cuestión, minten. Na Europa son 31 os Estados os que manteñen banca pública. As caixas de aforro e rurais francesas operan a medio do Credit Agricole. As caixas de aforro alemás danlle canle ao aforro das familias destinándoas ás necesidades de financiamento das pemes e do sector público de cadanseu Lander, mentres o banco público de desenvolvemento KfW desenvolve a función e grande banco de desenvolvemento no nivel federal.

O Banco Público galego habería cumprir, xa que logo, a función fundamental de lle dar canle a ese aforro que agora emigra. O que permitirá ofrecer condicións comerciais que superen a exclusión financeira de

centos de milleiros galegos e reduzan as comisions e condicións desvantoxas que lles impón a Banca comercial. A captación en condicións máis acaídas deste aforro permitiría enfrontar as necesidades de financiamento da nosa empresa, nomeadamente das start up, das medianas empresas en proceso de crecemento e da ampla e estratéxica economía de propiedade cooperativa.

A Xunta de Galicia xa ten na mán os instrumentos institucionais iniciais para construír este Banco: Instituto de Crédito (IGAPE), fondo de capital risco (XESGALICIA) e sociedades de afianzamento recíproco (AFIGAL e SOGARPO). Nestas institucións xa traballan persoas que coñecen ben a economía gaega e as súas necesidades de financiamento.

Darlle canle ao excedente de aforro galego cara ao investimento no noso país a medio dunha Banca Pública galega é a clave para o noso desenvolvemento.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

EIXO ATLÁNTICO
NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Inés Rey: "A licitación do tren a Langosteira é o maior impulso en 20 anos para transformar a cidade"

Alcaldesa, Inés Rey, anunciou hoxe a licitación da conexión ferroviaria a Punta Langosteira, "o maior dos impulsos dados en 20 anos para transformar a estrutura portuaria da Coruña e, por tanto, a cidade. Trátase, dixo a rexedora, do maior impulso ao desenvolvemento económico portuario e pon as bases para que o porto coruñés xere máis emprego e actividade da que actualmente ten". Neste punto, indicou que o investimento non ten parangón con outros realizados anteriormente na cidade polo Goberno do Estado: "Para a ampliación de Alvedro destináronse 80 millóns de euros e para a Terceira Rolda, 60 millóns. A partida para a conexión ferroviaria será a suma de ambas as actuacións".

O anuncio da licitación confirmouse na reunión mantida en Santiago co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e co ministro de Transportes, José Luis



Ábalos. Rey lembra que este desbloqueo da infraestrutura chega despois de que convocase o pasado 23 de febreiro en María Pita a todas as administracións implicadas.

A alcaldesa resaltou que cando un goberno traballa e cre no futuro da cidade, cando coopera co resto de administracións públicas, os proxectos saen adiante: "En 20 meses desbloqueamos infraestruturas fundamentais que levaban paradas 8 anos: por iso temos desbloqueada a Estación Intermodal, vaise materializar o maior investimento nunha in-

fraestrutura sanitaria coa sinatura do convenio do CHUAC e hoxe temos a licitación do tren a Langosteira, tres fitos importantes que recibimos con satisfacción".

A alcaldesa recordou que na reunión do 23F tamén se frutificou o compromiso de ampliar até o ano 2035 a carencia da débeda principal que pesa sobre a Autoridade Portuaria pola obra do porto exterior: "Temos garantida xa non só a construción do tren, senón tamén a viabilidade financeira da Autoridade Portuaria".

Aprobada a modificación do PXOM que permite desbloquear a construción da Intermodal

Tras doce anos de bloqueo institucional para o desenvolvemento da Estación Intermodal da Coruña, deuse un paso definitivo de cara á que a infraestrutura sexa unha realidade. Durante moitos anos, a falta de diálogo entre as institucións implicadas na Intermodal impediu o avance na construción desta estación, fundamental para garantir a mellora da mobilidade no só da cidade senón de toda a área metropolitana. O Pleno aproba de maneira inicial a modificación puntual do Plan xeral do 2013 que presentou o Goberno Local no sector ferroviario da Estación de San Cristovo (avenida do Ferrocarril), para poder construír a estación Intermodal. Este cambio permitirá adaptar o proxecto de ADIF para a terminal de trens e adaptalo ao proxecto que a Xunta levará a cabo na estación de autobuses.

O novo documento reduce a superficie comercial do documento de 2009, que pasou de 50.000 m² a 5.100 m². E tamén elimina os 20.000 m² antes destinados a vi-

enda e os 11.000 m² destinados a uso hoteleiro. O concelleiro de Urbanismo, Juan Díaz Villoslada, lembra que "o certo é que tras varios mandatos gobernando uns e outros, A Coruña é a última das cidades galegas en pór en marcha a Intermodal" e sinala que cando chegaron ao Goberno en 2019 "non había practicamente ningunha liña escrita do convenio, tan só unhas meras bases pero desas bases a chegar a poder montar todo o armazón institucional entre ADIF, Xunta, Concello e Ministerio de Transporte había un mundo que percorremos desde agosto de 2019 até novembro do 2020, en que se pechou o texto do convenio que está autorizado".

A superficie a maiores para ADIF dedicárase a "usos non ferroviarios pero asociados ao principal ferroviario, de acordo coa lei do sector ferroviario e non alleables". O Concello obterá 5.800 metros do exterior da estación de trens e construír un aparcadoiro subterráneo en que poderá reservar 70 prazas para llas alugar á veciñanza.

Rey: "O traballo de Silvia Penide é a proba do acerto do Concello ao apoiar o sector cultural durante a pandemia"

Alcaldesa, Inés Rey, recibiu en María Pita a artista coruñesa Silvia Penide, días antes de que esta presentara no Teatro Colón, o seu novo disco "Los Días de Plomo". No traballo, que contou con financiamento municipal grazas ás axudas do Presco cultural, a cantautora propúxose "transmitir esperanza nestes momentos complexos para a humanidade". Ademais, a artista coruñesa conseguiu un dos seus soños, cantar un dos temas do seu repertorio xunto a Víctor Manuel, 'El Efecto Boomerang'.

O disco, que foi gravado nos estudos Drum&Roll da cidade é, segundo Rey, "a proba do



moito talento musical que hai na Coruña, así como do acerto do Concello ao apoiar o sector cultural nos momentos máis complicados da pandemia". A alcaldesa e Silvia Penide falaban da situación actual do sector cultural na cidade nunha xuntanza, en que Rey volveu consideralo como

"prioritario" dentro da súa política de reactivación da cidade. "A cultura na Coruña non parou e agora volve a medrar, cos recintos funcionando todas as semanas e, como no caso de Silvia Penide, coas portas abertas á creatividade local, especialmente á das mulleres".

A Policía Local retoma a campaña de control de estacionamentos indebidos

A Policía Local retoma a partir de hoxe a campaña de control de estacionamentos indebidos, en que se fará especial fincapé naquelas infraccións que causen trastornos no funcionamento dos servizos públicos e nas que dificulten ou obstaculicen a circulación do resto das/dos usuarias/os. As patrullas realizarán un seguimento nas zonas en que máis se producen este tipo de comportamentos ao volante e, de maneira significativa, naqueles aparcamentos non permitidos, que dificultan a mobilidade de colectivos vulnerables.

Deste xeito, as/os axentes intensificarán o control sobre a dobre fila, en paradas de transporte público e enriba de beirarrúas e pasos peonís, así como nas prazas destinadas a carga e descarga,



en que comprobarán tanto o tipo de vehículos que as utiliza como o tempo máximo, tal e como recolle a ordenanza municipal.

No referente á dobre fila, reforzase este labor de control nas vías cualificadas como prioritarias e cuxas denuncias se realizarán a través das cámaras e medios de captación de imaxes instalados.

“Falando a boca chea” recollerá as historias das nosas e os nosos maiores para convertelas en espectáculo do 20 ao 24 de abril

O Fórum Metropolitano retomará do 20 ao 24 de abril o festival de narración oral "Falando a boca chea" que, da man de Artestudio Xestión Cultural, ofrecerá diversos espectáculos protagonizados por un colectivo de amator de teatro oral e narradoras/es orais de referencia até por novas voces e a memoria das nosas persoas maiores.

A alcaldesa, Inés Rey, explicou que a cita pretende achegar esta arte da palabra oral á xente de todas as idades para abordar cuestións que teñen que ver co individuo como parte da sociedade. Pero tamén se ocupará de responder as grandes interrogantes da existencia e conectará de paso cos soños e a poesía. Será, pois, "un punto de encontro en que as e os espectadores abrirán novas vías de comunicación a través de historias mexidas pola tradición e outras máis innovadoras".

A edición comezará o día 20, ás 20.30 horas, coa presentación

do proxecto Memoria, que inclúe narración oral, docencia, formación teatral e intercambio de experiencias. Será unha posta en común da oratoria, de conversas e aprendizaxes, en que a palabra e a memoria serán as protagonistas.

Como novidade, este ano o festival chegará a Oleiros, Arteixo, Sada e outros espazos con Memoria, expansión do Festival Falando a Boca Chea, unha iniciativa en que se recollerán historias das veciñas e veciños (a partir de 65 anos) a través de sesións de reflexión e intercambio entre os colectivos das nosas persoas maiores con narradoras/es profesionais como Soledad Felloza, Charo Pita, Caxoto e Ramiro Neira. Estes encargaranse de converter todas estas realidades nunha pequena peza de narración oral que compartirán co público de cada municipio e no primeiro día do festival.

O vestíbulo do Fórum acollerá os espectáculos baseados en contos de lareira de Vero Rilo, Ana

Carreira, Lorena Pinheiro e o Colectivo amator de narración oral "Cédoche a palabra" e nos que a entrada será gratuíta até completar a capacidade. Neste espazo tamén se incluírán sesións de balde para as crianzas de 2 a 4 anos, con contos e arrollos a cargo de Ramiro Neira e Olga Abad. Xa no auditorio, terán lugar as montaxes para público adulto, a cargo de Cándido Pazó, Avelino González, Ángeles Goás e Xurxo Souto.

Tanto para mercar entradas, que oscilan entre os cinco e os sete euros e inclúen os descontos habituais, como para reservar unha invitación, as persoas interesadas deberán formalizalo en www.corunacultura.sacatuentrada.es.

A cita estará presente tamén no ámbito escolar, xa que os días 22 e 23 de abril haberá dous paseos diarios de narración exclusivas para o alumnado de Educación Primaria: "Contos de tesouros", de Ana Carreira, e "Contos no mar" de Olga Abad.

FALANDO A BOCA CHEA...

FESTIVAL DE NARRACIÓN ORAL

FORUM METROPOLITANO DO 20 AO 24 DE ABRIL DE 2021

VESTÍBULO	AUDITORIO
Sesións para nenos e nenas de 2 a 4 anos Xoves 22 de abril - RAMIRO NEIRA Venres 23 de abril - OLGA ABAD Funcións: 17.30 h / Entrada con convite	Mércores 21 de abril - CÁNDIDO PAZÓ Xoves 22 de abril - AVELINO GONZÁLEZ Venres 23 de abril - ÁNGELES GOÁS Sábado 24 de abril - XURXO SOUTO Funcións: 20.30 h / Entradas: 7,00 € (carne xove, + 65 anos, persoas desempregadas, 6,00 €) Venda anticipada ata o día anterior á función ás 23.59 h: 5,00 €
VESTÍBULO Sesións Todos os públicos Mércores 21 de abril - VERO RILLO Xoves 22 de abril - ANA CARREIRA Venres 23 de abril - LORENA PINHEIRO Sábado 24 de abril - COLECTIVO AMADOR DE NARRACIÓN ORAL "CÉDOCHE A PALABRA" Funcións: 19.00 h / Entrada con convite	VENDA DE LOCALIDADES E REPARTO DE CONVITES • Venda en liña: corunacultura.sacatuentrada.es • Venda telefónica: 662867109 • Venda no despacho de billetes do Fórum Metropolitano: unicamente días de espectáculo desde 1 hora antes (sempre que queden localidades dispoñíbeis) • Venda no despacho de billetes central Praza de Ourense: de luns a xoves de 10:00h a 14:00h - 15:00h a 18:00h e os venres de 10:00h a 15:00h (excepto festivos)

AUDITORIO
 Martes 20 de abril - **INAUGURACIÓN DO FESTIVAL E PRESENTACIÓN DO "PROXECTO MEMORIA"**
 Funcións: 20.30 h / Entrada con convite

+ Info: www.coruna.gal/cultura

AFOROS REDUCIDOS, IMPLANTADAS TODAS AS MEDIDAS HIXIÉNICAS-SANITARIAS CONTRA O COVID 19

A Deputación destina 905.000 euros á contratación de técnicos deportivos

O Boletín Oficial da Provincia publicou concesión provisional das axudas que concede anualmente a Deputación da Coruña para a contratación de persoal técnico deportivo, neste ocasión en 69 concellos da provincia, cunha achega total de 905.000 euros.

A deputada responsable da área de Deportes, Cristina Capelán, destacou a Deputación financia ata o 80% dos custes salariais (soldo e Seguridade Social) do persoal técnico deportivo contratado durante un ano, cunha achega máxima de 15.000 euros para aqueles municipios que optan pola contratación dun graduado uni-



versitario en Ciencias da Actividade Física e o Deporte que traballe a xornada completa.

Os concellos poden contratar tamén técnicos superiores en

Animación de Actividades Físicas e Deportivas e facelo a xornada completa ou media xornada, aboando sempre o 20% restante do salario.

O Concello mellora o firme do Paseo da Dársena e do Parrote

O Concello, a través do Servizo de Infraestruturas, comezou a noite do domingo a asfaltar o Paseo da Dársena nun proxecto integral de saneamento que comprende tanto esta vía como o Paseo do Parrote. Concretamente, intervívase no firme do tramo comprendido entre Porta Real e Ánimas.

A alcaldesa da cidade, Inés Rey, sinalou que esta actuación era xa "unha vella demanda do transporte público e a veciñanza da zona" xa que "desde hai oito anos non se realiza un saneamento integral nesta vía, máis alá de tapar as fochas ocasionalmente". A estrada, apuntou Rey, amosaba signos evidentes "de gran deterioración".

Desde o Servizo de Infraestruturas



explican que nesta actuación, que se executa a través do contrato municipal de reparación de calzadas, elevarase a zona asfaltada para crear unha plataforma única e eliminar así os problemas de accesibilidade que presentan as beirarrúas nalgúns tramos.

PSdeG: "O PPdeG négase a crear unha comisión de investigación da corrupción"

Segundo informou o representante socialista Pablo Arangüena, o PPdeG evitou rexeitar "con contundencia calquera forma de corrupción, en particular a asociada ao partido que sustenta" durante un Pleno do Parlamento, logo de vetar unha moción socialista neste senso e negarse a constituír unha comisión de investigación para esclarecer a conexión do PPdeG cos casos de corrupción do PP nacional.

"Tanto o ex xerente do PP, Cristóbal Páez, como Bárcenas confirmaron que a última operación da caixa B do PP foi un pago en efectivo procedente do PP de Pontevedra por valor de 50.000 euros", aseverou Arangüena, quen incidiu en que isto ocorreu en 2010 "cando o señor Feijóo e o señor Rueda levaban xa 4 anos como máximos responsables do PP de Galicia".

Ademais, Arangüena sinalou que



entre os documentos que presentou Bárcenas na Audiencia Nacional "hai unha relación detallada de ingresos de empresas" que "presuntamente era a contabilidade B do PP de Galicia cando Feijóo xa era presidente do partido en 2006". A contía ascende, destacou, a "2 millóns de euros en mordidas do PP de Galicia, tres anos antes de que o señor Feijóo chegase a presidente da Xunta". Tamén subliñou que "na recente investigación do caso Kitchen sobre a espionaxe e roubo de documenta-

ción a Bárcenas, a única contabilidade que aparece citada como tal é xustamente a do PP de Galicia".

Toda vez, Arangüena censurou que a corrupción do PP estea "plenamente vixente" en casos como o de Agader como "a oficina pública de emprego do PP", a recente condena por corrupción do ex presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, e o destino dos fondos europeos Next Generation que, sinalou, agarda non acaben "nunha conta en Suíza ou Panamá".

O IES Rosalía de Castro acolheu a exposición itinerante de Xela Arias



O IES Rosalía de Castro, de Santiago de Compostela, acolheu a presentación da mostra itinerante "Aquela nena de Sarria", un proxecto desenvolvido polo Colectivo Egeria para dar a coñecer a figura de Xela Arias, a quen se dedica este ano o Día das Letras Galegas.

A exposición conta co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Gali-

cia, e a colaboración do Concello de Sarria e a Real Academia Galega. A mostra permanecerá no centro ata o 16 de abril.

Participaron no acto Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística; Xabier Mouriño, director do centro; Marga do Val, profesora do centro e participante no proxecto, e Xulio Xiz, presidente do Colectivo Egeria, ademais dun grupo de alumnos do Instituto.

Gonzalo Caballero e o seu apoio a José Miñones, novo delegado do Goberno en Galicia

Nomeamento de José Miñones como delegado do Goberno en Galicia colleu case por sorpresa a uns e a outros. Miñones, ata hai pouco alcalde de Ames e membro da executiva do PSdeG, substitúe a Javier Losada, quen levou adiante o seu labor desde 2018, ano da moción de censura contra Rajoy.

A Alameda de Compostela foi o lugar onde o secretario xeral do PSdeG quixo mostrar o seu apoio á elección de José Miñones como delegado do Goberno en Galicia. O acto celebrouse o 30 de marzo, unha semana antes de que Miñones tomase posesión do seu cargo o 8 de abril na Delegación do Goberno na Coruña.

Non obstante, o acto de apoio de Caballero a Miñones días atrás en Santiago foi considerado desde fóra do PSdeG como unha maneira de mostrar cohesión interna, pois non son poucas as voces que falan de posibles cambios no partido durante o Congreso do PSdeG que se convocará despois do Con-

greso Federal do PSOE. Precisamente, José Miñones será o relator galego no cónclave Federal.

Durante o acto de declaracións en Santiago, Caballero louvou o traballo de Javier Losada a quen cualificou como "un magnífico delegado ao que lle recoñezo o seu traballo" para concluír que "Miñones será un gran sucesor". Pola súa parte, José Miñones subliñou a "boa relación" entre el e Caballero.

Desde a súa posición, Caballero espuxo que tanto el como o novo delegado "imos traballar con coordinación total entre a Delegación do Goberno e a dirección do PSdeG para defender os intereses das galegas e galegos, como se fixo durante os últimos anos". Aínda así, foi o propio Caballero quen lle recordou ao Goberno central que "ten moitas tarefas que facer en Galicia".

Quixo deixalo claro cando enumerou unha serie de puntos como "as políticas públicas no ámbito social, a axenda de infraestruturas

en Galicia ou as necesidades industriais e transición ecolóxica". Foi por iso que puxo en valor a "cogobernanza" e o "diálogo" entre todas as administracións para "poñer a axenda galega na mesa do Consello de Ministros".

FÓRA DÚBIDAS

As achegas dos comparecentes comezaron coas de Caballero, quen non perdeu a ocasión para alegar que "José Miñones é un bo amigo, compañeiro e membro da Comisión Executiva Nacional Galega, con quen teño unha relación cordial e fluída". O xefe de filas dos socialistas galegos agradeceu a quen fora o alcalde de Ames o seu "bo traballo na alcaldía e tamén no partido", destacando a súa "lealdade sempre".

Consciente da "rumoroloxía" arredor da figura do novo delegado do Goberno, o máximo dirixente dos socialistas galegos quitou importancia aos "rumores típicos deste tipo de procesos". Subliñou que "os socialistas estamos traballando desde as nosas respon-



sabilidades ante unha crise de grande envergadura". Por iso, Caballero remarcou que "a cidadanía non entendería" outra prioridade que non sexa defender á xente ante esta situación.

Na súa quenda de palabra, o novo delegado do goberno en Galicia, José Miñones, agradeceu ao líder dos socialistas galegos o apoio mostrado na comparecencia da Alameda compostelá. "Estou na executiva do PSdeG grazas a

Gonzalo, que confiou en min". Dito isto, non dubidou en transmitirle a Caballero a súa "lealdade" e comprometer "dedicación" ao novo cargo.

"Tratarei de facelo o mellor posible cos retos que hai sobre a mesa", destacou, ao tempo que subliñou: "é un momento agriado" debido ao paso de 11 anos no Concello de Ames, os seis últimos como alcalde a un cargo como é a Delegación do Goberno.

Galicia

Redacción A CORUÑA

"Nación", premio ao mellor documental nos Premios Mestre Mateo

O filme "Nación" dirixida por Margarita Ledo Andiñón, gañou o premio ao Mellor Documental na Gala dos Premios Mestre Mateo que se celebrou na Coruña. O documental producido por Nós Produtora Cinematográfica continua cultivando éxitos desde a súa estrea internacional na pasada edición do Festival Internacional de Cinema de Sevilla.

O filme estreouse o 26 de marzo en Galicia e España, converténdose na mellor estrea independente e acadando a mellor media por copia en todo o territorio "Nación" é unha obra de non ficción na que Margarita Ledo Andiñón dá continuidade a unha liña de traballo que contribúe á construción dun novo



canon para o cinema de xénero. O filme aborda a historia oculta de moitas mulleres que viviron baixo a represión sexista do sistema patriarcal.

Margarita Ledo Andiñón (1951, Castro de Rei, Lugo) é unha relevante figura da cultura galega,

cinasta, escritora e catedrática de Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago de Compostela. Funda e dirixe diversas publicacións con especial foco na cultura contemporánea e a reivindicación da lingua galega e espírito militante.

SOS Sanidade Pública esixe a recuperación do sistema sanitario galego

A través dun comunicado, a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia fixo un chamamento a poboación e aos profesionais sanitarios, para unha gran mobilización cidadá o 21 de abril a partir das 20 horas, para esixir o fin da utilización partidista da pandemia da COVID 19 e a elaboración dun Plan para a Recuperación do Sistema Sani-

tario Público en Galicia.

Este comunicado critica a "utilización política e partidista da COVID-19 por parte do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo", asegurando que "a pandemia chegou a unha Atención Primaria debilitada a deteriorada polos gobernos do PP, sen suficientes recursos humanos, materiais e organizativos".

A plataforma considerou que "a responsabilidade da situación nos Centros de Saúde e Hospitais é do SERGAS e da Consellaría de Sanidade, de onde saen as ordes para aplicar logo nos Centros", pedindo así a utilización dos orzamentos da Xunta e os fondos europeos para repotenciar o sistema sanitario galego.

Esixen á Xunta o uso do galego nas producións audiovisuais



Durante unha sesión da Comisión de Cultura do Parlamento, a través da presentación dunha pregunta ao director de AGADIC, a voceira de Cultura do Grupo Socialista, Noa Díaz, pediu ao goberno galego que garanta a presenza do galego nas producións audiovisuais nas que a Xunta colabora, tal e como obriga a lei de Normalización Lingüística.

Díaz lamentou a Xunta contou con 2.125.000 euros de financiación de capital público procedentes dos orzamentos da Xunta e da TVG para promocionar o Camiño de Santiago no Ano Xacobeo

2021 a través da plataforma Amazon Prime e que a mesma "foi estreada en inglés e castelán, con subtítulos en español, inglés, italiano e portugués; pero non en galego, nin sequera na lexendaxe". Tamén criticou a "falta de transparencia e opacidade" da Xunta na concesión de contratos para producións audiovisuais.

Así mesmo, Díaz lembrou o exemplo da película 'O que arde', recoñecida internacionalmente no Festival de Cannes e na que o uso do galego "serviu para lanzala máis e, aínda por riba, contribuír á diversidade lingüística no planeta".

O PSdeG levará ao Parlamento o acontecido no "Land Rober": "Non se pode normalizar o acoso"

A voceira de Igualdade do PSdeG no Parlamento galego, Noa Díaz, anunciou que levará ao Parlamento o acontecido o pasado día 8 de abril no programa 'Land Rober' para que o director xeral da CRTVG informe sobre as ferramentas das que dispón a cadea pública para evitar situacións como as vividas no plató.

"É intolerable que nos tempos que corren se siga normalizando o acoso desta maneira e que dende unha cadea pública non exista un maior control sobre este tipo de situacións nas que

se pretende buscar 'finais felices' a 'historias románticas', perpetuando deste xeito o concepto de amor romántico, hoxe máis que superado por razóns evidentes", subliñaron a vicesecretaria xeral de Igualdade do PSdeG, Icía García, e a voceira de Igualdade do PSdeG no Parlamento galego, Noa Díaz.

"Agardamos que a CRTVG tome cartas neste asunto e non consinta que este tipo de situacións se volvan producir", remarcaron, conscientes de que "os medios públicos deben educar e formar en valores; non todo serve no entretemento".



MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

A Xunta financia a accesibilidade a vivendas no Carballiño

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, tras manter unha reunión institucional na Casa do Concello do Carballiño co seu alcalde, Francisco José Fumega, onde repasou co rexedor os temas máis importante que afectan á administración autonómica, desprazouse á céntrica rúa Julio Rodríguez Soto, 82 para visitar un inmoble, onde se desenvolveron actuacións de mellora de accesibilidade.

Deste xeito, ao abeiro deste programa de mellora da eficacia enerxética e sustentación de vivendas e de fomento da conservación, do afianzamento da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, realizáronse actuacións que permitiron a instalación dun ascensor no edificio ao que se destinou un orzamento protexido de 42.625,75



Vivenda afectada na rúa Julio Rodríguez Soto.

euros.

Gabriel Alén, salientou que a Xunta puxo en marcha este programa de axudas para facilitar a propietarios, comunidades de veciños, cooperativas e tamén empresas construtoras, arrendatarias ou concesionarias de edificios, financiamento para executar obras

para a conservación, a mellora da seguridade e a accesibilidade de vivendas cun mínimo de 25 anos, tanto edificios de tipoloxía residencial colectiva como casas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila. Desde 2016, estas axudas chegaron a case 6.000 beneficiarios.

Feijóo aborda cos alcaldes da Baixa Limia os proxectos clave para a comarca

Alberto Núñez Feijóo, presidente do goberno galego, abordou cos alcaldes da Baixa Limia -Bande, Lobeira, Lobios e Muíños- os proxectos clave para a comarca e a súa competitividade. Así, nun primeiro punto, Feijóo subliñou que a Consellería de Infraestruturas está a redactar o proxecto para o acondicionamento da estrada autonómica OU-540, entre Celanova e a fronteira con Portugal, co obxectivo de someter a información pública e iniciar a tramitación ambiental nesta primavera.

Cun investimento de 11,5 millóns de euros, o titular da Xunta incidiu en que esta actuación suporá unha mellora substancial nas comunicacións con país veciño, beneficiando aos case 7.000 habitantes da Baixa Limia que percorren cada día a estrada.

O responsable do Goberno galego avogou, tamén, por seguir impulsando a cooperación transfronteiriza, a través da dinamización conxunta da reserva da



Os alcaldes con Feijóo en Santiago.

biosfera Gerês-Xurés, promovendo un turismo sustentable, asentado nos recursos culturais e naturais da reserva e contando coa participación da poboación local.

O Xurés é unha das zonas con maior potencial turístico para desenvolver produtos innovadores neste eido, que atraían a novos visitantes ao longo de todo o ano, contribuíndo a desestacionalizar a demanda e a incrementar a rendibilidade do sector turístico na zona.

Con este fin, Feijóo recordou

que a Xunta está a financiar diversos plans, entre os que destacan o proxecto de ordenación dos sendeiros Serra do Xurés, así como o plan de ordenación e accesibilidade dos bens de interese cultural.

Así mesmo, recordou que a Consellería de Medio Ambiente convoca cada ano distintas liñas de axudas das que se poden beneficiar os concellos do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, co obxectivo de desenvolver actuacións relacionadas coa posta en valor do parque.

A Xunta aposta polo proxecto Ourense termal



Xuntanza da delegación territorial da Xunta.

O delegado da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, participou nunha reunión co presidente e a xerente do INORDE, Rosendo Fernández e Emma González, e representantes da Fundación Juana de Vega para ultimar o proxecto Ourense Termal na convocatoria dos Plans de Sostenibilidade Turística en Destino deste ano. A Xunta, na súa aposta polo desenvolvemento sostible, solicitará á Secretaría de Estado de Turismo na nova convocatoria este proxecto promovido pola Deputación. De aprobarse, sumárianse aos de Santiago de Compostela e da Ribeira Sacra, seleccionados no 2020.

O delegado sinalou que "Ourense conta cun importante número de concellos ricos en recursos termais, pero que precisan dun plan e de axudas para poder explotalos economicamente e como fonte de riqueza no tu-


risimo de saúde e benestar".

O proxecto desenvolvido pola Deputación é, ademais, unha oportunidade para xerar emprego na provincia, fixar poboación e frear a emigración. De aí que a Xunta -subliñou Gabriel Alén- aposte por presentalo de novo á convocatoria deste ano e que comprometa unha inversión de 1,3 millóns de euros, o 45% do orzamento total, para o seu desenvolvemento nos vindeiros tres anos.

O turismo termal en Galicia é un dos recursos con máis potencialidade para a recuperación do sector logo dun ano marcado pola crise da pandemia. Galicia é a comunidade líder no conxunto do Estado en canto á oferta mineiro-medicinal, con máis dun 20% dos establecementos balnearios, e tamén a comunidade con maior número de distintivos de calidade nos establecementos termais.

HUMOR

HERMANAGER



Inorde e Cámara de Montalegre impulsan un proxecto piloto sobre a pataca de semente

O Inorde e a Cámara Municipal de Montalegre impulsan un proxecto piloto sobre a pataca de semente, así o acordaron na reunión mantida na institución lusa representantes de ambas entidades. O presidente da Cámara Municipal de Montalegre, Orlando Alves, recibiu á delegación do Inorde conformada pola xerente e polo técnico do Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro, Emma González e Servando Álvarez, respectivamente, nunha xuntanza na que tamén participaron o vicepresidente da Cámara Municipal de Montalegre, David Teixeira, e membros da Cooperativa Agrícola do Barroso. A vontade da Cámara de Montalegre está a ser a recuperación desta actividade económica e social mediante o apoio e fornecemento da Cooperativa

Agrícola do Barroso.

Por elo, tendo en conta a relación do Inorde con esta institución e considerando o papel deste organismo no tecido agrícola da provincia de Ourense, "considerouse convinte a realización de actividades conxuntas para re-flotar o cultivo da pataca de semente en Montalegre dende o punto de vista de que a posibilidade de que a principal comarca produtora de patacas de Galicia, a Limia con máis de 120.000 Tm anuais, puidera acceder de xeito vantaxoso a unha pataca de semente de boa calidade e producida a menos de 50 quilómetros, o que claramente reduciría os custos de transporte e almacenamento e permitiría aos agricultores ourensáns reducir os custos de produción", explicou a xerente do Inorde. Con este proxecto "con-

seguiríamos reforzar a economía circular e reducir a pegada de carbono da nosa produción", sinalou Emma González.

Así mesmo, esta actividade colaborativa conformaríase nunha perfecta simbiose transfronteiriça que reforzaría os xa existentes lazos entre arraianos. As conversas e actividades colaborativas xa comezaron en campañas anteriores, sen embargo a situación pandémica que estamos a vivir condicionou a supresión de actividades previstas, tanto para o pasado ano como para a vindeira campaña, tales como formación, visitas de agricultores ourensáns ás fincas de cultivo, ensaios de campo nas fincas do Inorde, visitas a entidades de semente españolas, entre outras. As relacións do Inorde coa Cámara Municipal de Montalegre son, sen dúbida,



A xuntanza celebrouse na Cámara Municipal de Montalegre.

"moi favorables para ambas partes, tendo en conta o longo historial de colaboración institucional que mantemos desde hai tempo", salientou David Teixeira, quen lembrou que a Cámara Municipal de Montalegre é socio preferente en moitos dos proxectos INTERREG que o Inorde desenvolveu nos últimos anos ou está a levar a cabo na actualidade (e viceversa) en ámbitos como turismo, cultura, deportes, territorio e poboación, temas que centraron a relación entre ambas institucións de xeito continuado.

O territorio de Montalegre é fundamentalmente rural cunha economía que ten as súas raíces nunha gandería de alta calidade e nun aproveitamento do sector forestal intrinsecamente vinculado ás actividades silvícolas e de lecer. Historicamente, toda a zona representada por esta Cámara Municipal foi produtora de patacas de semente de alta calidade, pero os condicionantes dun mercado moi cambiante e as complicacións fitosanitarias asociadas á aparición de pragas causaron un paulatino abandono do cultivo.

O BNG de Cea pide que as rúas Calvo Sotelo e José Antonio se denominen Avenida das Panadeiras

O BNG de Cea sostén que "aí sendo hora de eliminar do rueiro municipal aqueles nomes vinculados á ditadura franquista e substituílos por outros máis neutrais, que teñan implicacións positivas para a veciñanza".

Este é o motivo polo cal o grupo municipal do BNG presenta para o seu debate, e agardan, aprobación, unha moción na que insta ao goberno local a iniciar o cambio de nome de varias rúas do Concello.

Segundo o BNG, "se queremos afondar na democracia é preciso buscar nomes que non provoquen o rexeitamento de ninguén, fomentando a neutralidade e o entendemento entre todas e todos, así como aproveitar esta circunstancia para enxalzar Cea".

Manuel Pérez, portavoz nacionalista, afirma que "son merecentes de distinción aquelas per-



Membros do BNG de San Cristovo de Cea.

soas que levantaron o pobo co seu traballo e esforzo. Neste aspecto cabe destacar, sen menosprezo de ninguén, dous sectores que foron chave para levantar o Concello, as panadeiras e a emigración".

"As panadeiras cocían, levaban o pan e atendían o seu fogar. Así foron levantando pouco a pouco, co seu traballo diario, un sector que na actualidade é básico para Cea polo que ben merecen que

unha das principais rúas leve o seu nome".

Por estes motivos, desde o BNG de Cea propoñen que as actuais rúas Calvo Sotelo e José Antonio muden o seu nome polo de "Avenida das panadeiras", en clara alusión a un dos sectores referentes do Concello ao tempo que solicitan que dita avenida comprenda o mesmo tramo que na actualidade corresponde ás dúas rúas modificadas.

A Confederación Hidrográfica asume íntegramente a restauración da Ponte de Soutelo en Bande

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil asumirá na súa totalidade o investimento necesario para restaurar a ponte de Soutelo, no Concello de Bande desta provincia, actuación que o organismo de conca encadra no proxecto europeo POCTEP, Fronteira Esquecida. Proxecto que ten como socios á Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense, a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho e os municipios lusos de Ponte de Lima, Arcos de Valdevez, Ponche da Barca e Viana do Castelo, segundo lembra a Confederación Hidrográfica.

A Ponte de Soutelo é unha ponte con pilas de pedra de pequena altura, de 5 ollos e duns 40 metros de lonxitude. Estas



Ponte de Soutelo.

actuacións para executar consistirán na limpeza das pilas e a súa reparación, a execución dun novo taboleiro, a colocación dunha varanda e a adecuación da zona no seu conxunto. Os traballos orzan un investimento de 100.000 euros e a CHM-S executará con cargo á anualidade deste 2021. O presidente do organismo de conca, José Antonio Quiroga, asinou electrónicamente o convenio que remitiu xa á alcaldesa de Bande, segundo ase-gura a Hidrográfica.

O PSdeG denuncia que a Xunta pretende esnaquizar o Parque das Letras do Couto

O PSdeG-PSOE de Ourense denuncia que a Xunta pretende esnaquizar o “emblemático Parque das Letras” para pór en marcha a construción dunha nova pista de deportes urbanos ou skate park, eliminando así outro espazo verde da cidade coa complicidade do PP e a total pasividade de Jácome.

“O proxecto conta coa oposición frontal da veciñanza” asegura o concelleiro Wilson Jones, quen defende que se leven a cabo novas instalacións deportivas na cidade “sempre e cando non se faga a costa de estragar zonas verdes”. Neste sentido, Jones afirma que o Parque das Letras é “un espazo interxeracional que conta con moita afluencia de nenos e maiores, ademais dun pulmón que debemos protexer e preservar”.

Dende o grupo municipal socialista censuran que o alcalde anunciara a través das redes sociais a súa intención de empregar a nova dotación da Xunta no Parque das Letras, para logo confirmalo

no Consello Municipal de Deportes a preguntas dos socialistas. “Asistimos con asombro a un novo episodio de Jácome actuando pola súa conta e risco, de costas á veciñanza e sen contar cos grupos políticos”, manifestan.

Neste sentido, esíxenlle ao alcalde que defenda a protección deste enclave verde que a Xunta quere dismantelar, ao tempo que acusan a Ethel Vázquez de “carecer de visión de futuro” para a cidade e de dedicarse a “xogar ao Tetris” coas infraestruturas de Ourense. “Por culpa deste tipo de política levada a cabo polo PP, agora temos que asumir dotacións que poden caer no abandono e hipotecar a cidade”, condenan.

Parque do Couto

Os socialistas lembran que o PP levou unha iniciativa ao pleno de marzo para demandar a construción dun novo skate park a maiores do que está proxectado e en execución no Parque do Couto, “recoñecendo así que este non é suficiente para atender as

necesidades das persoas usuarias, que xa avanzaron a súa intención de levar os deportes a Pereiro de Aguiar ante a ausencia dunha alternativa apta para a práctica das súas disciplinas deportivas”.

“Pola nosa parte, dende o inicio rexeitamos a construción da pista de deportes urbanos no Parque do Couto por considerar que podía estragar unha importante zona verde da cidade cun significativo patrimonio arbóreo; e porque contaba co rexeitamento dos veciños do barrio”, manifestan desde o grupo municipal socialista.

“Novas chapuzas”

Por outra banda, os socialistas alertan de novas chapuzas nas obras da segunda fase de rehabilitación da Ponte Romana, como o levantamento dunha “sospeitosa” plataforma de formigón sobre a que xa solicitaron os informes de Patrimonio correspondentes na última Xunta de Área de Urbanismo. “Cremos que pode ser outro mamotreto sen sentido e tememos que poida desvirtuar a



Parque das Letras.



“Skate park” en construción no Parque do Couto.

contorna da Ponte Romana”, advirten, ao tempo que lamentan que non se incluíra no proxecto das obras “unha actuación tan básica como o arranxo da beirarrúa sita no barrio da Ponte, ao inicio da Ponte Romana”, que leva pe-

chada dous anos e con risco de desprendementos. “Estamos a perder unha oportunidade histórica para acondicionar con visión de futuro unha zona clave para o desenvolvemento urbano de Ourense”, conclúen.

A agrupación de municipios Camiño de Augas Sacras presentouse en Castro Caldelas

O programa “Un castelo no Camiño Augas Sacras” presentouse en Castro Caldelas nun acto no que participaron al caldesa, Sara Inés Vega, a directora de Turismo da Xunta Nava Castro e os rexedores dos municipios polos que discorre o denominado “Camiño de Santiago Augas Sacras”: Sober, Larouco, A Teixeira, Petín, Trives, Monforte e San Xoán de Río.

Decenas de actividades culturais, deportivas e gastronómicas impulsaranse dende o Concello de Castro Caldelas para as estacións de primavera e verán na Ribeira Sacra. A programación conta para a súa promoción co

apoio da Xunta de Galicia a través do programa “O Teu Xacobeo” que pretende promover os valores do ano xacobeo por toda a xeografía galega.

“O Castelo de Castro Caldelas actuará nos próximos meses como eixo dinamizador da actividade cultural na comarca. Organizará visitas teatralizadas e espectáculos, exposicións, actividades deportivas coas que poñer en valor o patrimonio cultural, natural e gastronómico” dixo a alcaldesa de Castro Caldelas. “Seguimos convencidos de que a nosa fortaleza debe ser o centro monumental de referencia na zona, actuando como principal punto

de atracción turística e porta de entrada natural á Ribeira Sacra”, apuntou Sara Inés Vega Núñez.

O acto servía ao tempo para presentar ao público a agrupación de municipios Camiño de Augas Sacras que ten como obxectivo investigar, protexer e difundir unha vía de peregrinación que unía os concellos de Sober, Larouco, A Teixeira, Petín, Trives, Monforte, Castro Caldelas e San Xoán de Río.

“A Ribeira Sacra, ao igual que o Camiño de Santiago, é sen dúbida un excelente atractivo para visitantes de todo o mundo. Os datos apuntan que nesta Semana Santa esta ten recibido máis vi-



Presentación na Praza do Prado.

sitantes incluso que a propia capital xacobeá. A súa promoción por tanto, como motor de desenvolvemento sustentable para a

comarca, é un dos obxectivos prioritarios e estratéxicos da nosa xestión”, en palabras da directora xeral de Turismo.

A Xunta demandará ao Ministerio de Transportes o impulso efectivo da autovía Ourense-Lugo

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, garantiu que a Xunta demandará ao Minsiterio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana o impulso efectivo da autovía Ourense-Lugo, a A-56, como unha actuación “estratéxica e prioritaria para a vertebración de Galicia”. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, acompañada dos delegados provinciais da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, e en Lugo, Javier Arias, participou nunha xuntanza no concello de Vilamarín cos alcaldes e representantes das institucións integradas na Plataforma A-56.

No encontro, a conselleira trasladou que a Xunta comparte a preocupación dos concellos pola falta de avances na Autovía Ourense-Lugo, que foi planificada hai xa 18 anos e, sen embargo,

só ten executado o 9% do investimento e arredor do 13% do trazado. Trátase, dixo do eixe fundamental para comunicar as provincias de Ourense e Lugo, conectando no norte coa A-54 (Lugo-Santiago) e no sur coa A-52 (Autovía das Rías Baixas), vertebrando o interior da Comunidade e conectando unha poboación de 250.000 persoas coa Galicia Atlántica e a Meseta.

Ethel Vázquez lembrou que o único treito en servizo da A-56, o que une San Martiño coa Barrela, abriu ao tráfico o pasado mes de outubro despois de máis de 10 anos de obras e sen ofrecer en solitario ningunha funcionalidade aos concellos e veciños da contorna.

Lembrou a xuntanza mantida pola Plataforma co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo,

o pasado outono, no que o Goberno galego manifestou a súa inquedanza pola falta de progresos desta infraestrutura, unha preocupación agudizada tras a presentación dos Orzamentos do Estado para 2021, que non conteñen partidas para impulsar novos treitos.

A conselleira asegurou que o Goberno galego apoia a posición dos concellos, que consideran necesario priorizar os treitos de San Martiño-Cambedo, polo sur, e do intercambiador de Guntín, polo norte.

Xunto con isto, apuntou que a cidade de Ourense agarda desde o ano 2018 que se cumpra o compromiso adquirido coa cidade de licitar as obras do treito Eirasvedras-Quintela, correspondente coa Variante Norte da urbe.

A conselleira de Infraestruturas



O único treito en servizo, San Martiño-A Barrela, abriu ao tráfico en outubro.

e Mobilidade asegurou que na xuntanza que terá lugar o vindeiro mes de abril co ministro de Transportes, José Luis Ábalos, a Xunta demandará avances reais e efectivos na Autovía Ourense-Lugo,

así como axilidade para rematar as obras da A-54 (Lugo-Santiago) e un compromiso de que o Goberno vai actuar “sen retrasos nin recortes” para conectar Lugo coa alta velocidade ferroviaria.

O PSdeG denuncia que o alcalde vén de dar un carpetazo definitivo ao termalismo en Ourense

O PSdeG-PSOE de Ourense denuncia que Jácome vén de “dar o carpetazo definitivo” ao termalismo da cidade despois de que o rexedor anunciase que Ourense perderá o 80% da súa oferta termal coa nova lei autonómica de aproveitamento lúdico destas augas, un cambio lexislativo “perpetrado polo Partido Popular de costas á cidade” para “fulminar” a oferta pública termal.

Neste sentido, critican a nula implicación de Jácome na defensa do potencial termal de Ourense para evitar que “os seus socios do bigoberno” levan a cabo a aprobación dunha norma “claramente lesiva” que fai “xaque mate” ao turismo termal en pleno Xacobeo e na antesala da chegada do AVE á cidade.

“Jácome coñecía o contido desta norma e non fixo absolutamente nada por evitar a súa aprobación porque o seu interese é acabar co termalismo, como xa



Termas da Chavasqueira pechadas.

fixo coa cultura”, aseguran os socialistas, que ven no anuncio do alcalde un “boicot encuberto” para consumir “o desmantelamento da escasa oferta termal coa que conta a cidade”, coa complicidade do Partido Popular.

Así, os socialistas consideran que a nova Lei de aproveitamento lúdico das augas termais –aprobada no Parlamento de Galicia cos votos favorables dos populares e o rexeitamento frontal da oposición–, supón un “ninguneo” para a veciñanza, e recriminanlle ao PP da cidade a súa “deslealdade

con Ourense” e “servilismo feroz” á Xunta de Galicia.

Por último, os socialistas lamentan o peche das termas, que consideran un “desenlace dramático” a dous anos de “involución en política termal”. Así as cousas, acusan ao “microgoberno” de non cumprir os acordos plenarios, tales como a actualización do plan termal da cidade ou o aproveitamento dos fondos de reconstrución europeos Next Generation para relanzar o termalismo, ambas iniciativas socialistas aprobadas nos plenos de xaneiro e marzo.

A Escola Infantil de Vilar de Santos abre o prazo de matrícula

A Escola Infantil de Vilar de Santos é un servizo público, de titularidade municipal e xestión directa por parte do Concello, que pon á disposición das familias 20 prazas para crianzas ata os 3 anos de idade. O custe da inscrición varía dependendo da xornada escollida (media ou completa), sendo gratuito para o segundo fillo e sucesivos.

O centro conta con persoal especializado que atende ás demandas dos máis pequenos de oito da mañá a catro da tarde. Un amplo horario deseñado para facilitar a conciliación familiar pero tamén para acompañar aos menores no seu desenvolvemento como afirma Remedios Cid, unha das educadoras do centro: “Na escola infantil acompañamos a cada crianza no seu desenvolvemento integral. Ademais de proporcionar actividades e materiais adecuados ao seu mo-

mento evolutivo, creamos un entorno de seguridade emocional. Entorno que fomenta a súa autonomía, e polo tanto repercute nunha mellor autoestima.”

A escola foi recentemente reformada polo Concello de Vilar de Santos, contando cunha aula de infantil, zona de xogo, zona de gateo, unha zona de berces e un grande patio exterior de 250 metros cadrados delimitados no seu perímetro. Un lugar ideal para aprender xogando con todos os coidados necesarios.

Desde a súa apertura no ano 2013 máis dun cento de nenos ten pasado polas súas instalacións. Na actualidade, cunha decena de menores matriculados, a Escola Infantil de Vilar de Santos segue medrando, con melloras continuas na instalación pero tamén con novas metodoloxías de ensino e aprendizaxe implantadas polo seu equipo de profesionais da educación.

O PSdeG de A Peroxa denuncia a paralización total da residencia de maiores

O PSdeG-PSOE de A Peroxa denuncia a paralización total do proxecto de construción dunha residencia de maiores en Os Peares, con case 60 prazas e que supostamente, e segundo manifestou o alcalde do Partido Popular, Manuel Seoane, xeraría 25 postos de traballo. A realidade a día de hoxe, tal e como afirman os socialistas, é que non hai nin rastro nin da residencia, nin dos postos de traballo prometidos e critican que o gran protagonista é o “escurantismo” polo que lle esixen o grupo de goberno “transparencia e que informe a veciñanza do que vai acontecer con este proxecto”.

Un proxecto que xorde a través dunha axuda de 200.000 euros da Asociación de Desenvolvemento Rural da Comarca de Ourense (Adercou), da que o alcalde da Peroxa é ademais presidente. Con esta axuda e un investimento total de 1.270.000 euros anunciábase “a bombo e platillo” este proxecto nos Peares, pero a realidade tal e como manifestan os

socialistas tras consultar numerosa información é que “a axuda de Adercou figura como renuncia e a escavación atópase totalmente paralizada dende hai semanas”.

Para o voceiro do PSdeG-PSOE en A Peroxa, Antonio González Fiuza, este é un exemplo máis dos anuncios “grandilocuentes que rematan en nada” dun alcalde do que di “busca poñerse medallas constantemente” e apunta a que a “realidade é a que vemos co proxecto de residencia de maiores dos Peares, que as obras se paralizan, que as máquinas desaparecen e que ninguén da ningún tipo de información sobre o que acontece”.

Dende o PSdeG-PSOE de A Peroxa esíxennlle ao grupo de goberno coñecer que vai pasar con ditos investimentos e critican a falta de transparencia do rexedor, ao alegar que “non sabemos se se perdeu a axuda, se se vai investir nos Peares, se se vai a redefinir o proxecto ou directamente levar os investimentos a outra zona”. Os socialistas tamén critican a ausencia de “autocrítica”

por parte do rexedor ao que acusan de “botar balóns fóra e culpar, como xa é un clásico, a outras administracións”. Neste senso sinalan que primeiro lle botou a culpa a Confederación Hidrográfica por falta de permisos, logo as entidades bancarias por problemas cos avais “de quen é a culpa agora cunha obra paralizada e na que nos últimos meses non se ve movemento?”, pregúntanse os socialistas.

González Fiuza apunta a que a situación “é moi preocupante” e sinala que “hai moita inquestandanza entre a veciñanza pois prometéuselles unha residencia a carón da casa para os seus maiores e postos de traballo para a xente dos Peares e do resto do Concello que non dan chegada”. O voceiro socialista lembra tamén que “nada máis comezar a escavación, o rexedor xa ofrecía postos de traballo e houbo moitos veciños e veciñas que se formaron en axuda aos maiores e a dependencia para poder optar aos mesmos e atópanse agora que non hai absolutamente nada”.



Nos Peares só está feita a escavación para a residencia.

Os socialistas tamén denuncian que as máquinas fosen retiradas con “nocturnidade” e subliñan que o “único obxectivo era que a veciñanza non preguntase porque se abandonaba dita escavación”. Unha escavación que segundo manifestan dende o PSdeG de A Peroxa “quedou abandonada en plena entrada a Ribeira Sacra, algo que nos preocupa porque é un mal exemplo para unha zona na que hai un famoso plan de protección e que parece que se esqueceron”.

Dende o grupo municipal so-

cialista lembran que xa no pleno do 20 de novembro de 2020 preguntaron pola localización do proxecto, quen era o dono da empresa que se ía facer cargo e se tal e como recollía a prensa sería de xestión privada. “A resposta que nos deu o rexedor foi simplemente que o nome do promotor non o debería dicir”, sinala o voceiro socialista, que tamén apunta que “nos xa sabíamos tras buscar a documentación que a empresa era Soto e Cid SL, pero sorprendeunos esta mostra de escurantismo do señor alcalde”.

Cidadáns acusa ao PP de facer un exercicio de cinismo en materia termal

O portavoz do grupo municipal de Cidadáns Ourense, Pepe Araújo, asegurou que o PP fará un exercicio de cinismo defendendo no pleno, unha moción sobre termalismo coa única finalidade de eludir a súa responsabilidade ante a aprobación, por parte da Xunta de Galicia, dunha Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais que agride directamente ao futuro termal desta cidade.

“A nova normativa pon en risco as nosas augas mineromedicinales ao esixir que sexan tratadas químicamente, polo que perderían as súas propiedades terapéuticas”, así o explicou Araújo, quen insiste en que o

“PP local foi moi pasivo na súa acción política en Ourense e moi servil co PP de Galicia, que aprobou unha lei que prexudica gravemente as nosas augas termais”.

O portavoz laranxa manifestou que a moción que presenta o PP “só busca eludir a súa responsabilidade por non facer os deberes e tenta cargar contra o alcalde de Ourense unha responsabilidade que foi compartida”. Por iso, solicitou por rexistro, que se convoque de forma urxente unha xunta de portavoces para analizar a situación da concellería de termalismo e reconducir unha “situación grave para o futuro turístico e termal desta cidade”.

Neste sentido, Araújo insistiu en que “os veciños de Ourense



Pepe Araújo portavoz de Cidadáns.

deben saber que as termas non se van abrir en todo este ano. Non podemos tapar a incompetencia dos políticos botándolle a culpa aos funcionarios. Debemos posicionarnos co goberno local e defendernos dunha Xunta que agride a Ourense en materia termal”.

Finalmente, o líder laranxa explicou que moitos ourensáns fixeron investimentos pensando no futuro e atractivo termal desta cidade e os políticos deben poñer solucións. “Se realmente cremos no termalismo debemos dotar á concellería de todos os recursos necesarios para ir cara adiante”.

O Arquivo Histórico achega o patrimonio aos escolares

O Arquivo Histórico Provincial de Ourense está a achegarllles aos escolares da provincia o patrimonio documental cunha nova edición do programa de obradoiros teatralizados e de escrita medieval desenvolvido nos centros de ensino. Abriron a iniciativa o CEIP Carmen García Carrasco, de Cenlle, e o Sagrado Corazón do Carballiño, e ao longo do mes farano colexios do Irixo, Oímbra, Xunqueira de Ambía, Allariz e Ourense. O programa, que aínda ten abertas as inscricións, prevé chegar ata final de curso a máis de 800 participantes de arredor de 20 centros educativos.

A Xunta amplia o Parque Empresarial das Gándaras

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou o estado das obras que se executan no parque empresarial das Gándaras e mantivo unha xuntanza de traballo coa Asociación de Empresarios que representa a esta área industrial e a do Ceao.

Arias explicou que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda inviste 2,6 millóns de euros nas obras da segunda fase de ampliación das Gándaras, que deron comezo a principios de ano e contan cun prazo de execución de 10 meses. Ademais, sinalou que a Xunta está a tramitar unha

modificación do proxecto sectorial que posibilitará acometer a que será a terceira fase de expansión do polígono.

O delegado apuntou que deste xeito a Consellería pretende dar resposta ás necesidades dos empresarios de Lugo “de dispoñer de chan industrial con bos servizos e a un prezo competitivo”. Neste sentido, lembrou que o polígono das Gándaras é a segunda superficie empresarial na que máis solo bonificado se adjudicou desde o ano 2015 en Galicia -despois do polígono de Bértoa en Carballo-.

Os case 90.000 metros cadrados da segunda fase tamén se bene-

fician da bonificación dun 50% sobre o prezo de venda e recordou que recentemente se pechou o concurso de venda de solo empresarial de Xestur, no que se ofertaron seis parcelas no parque das Gándaras, que suman unha superficie total de 54.837 metros cadrados.

A ampliación do parque empresarial das Gándaras responde á demanda de solo que existe sobre esta zona. Nesta segunda fase constrúense dúas parcelas - unha de maior tamaño, de 25.000 metros cadrados e outra de 8.990 -, así como unha zona de aparcadoiro de 20.000 metros cadrados



A futura fase 3 incrementará en máis de 67.000 metros cadrados este polígono.

para dispoñer máis de 380 prazas de aparcadoiro, que ascenden a 530 si se teñen en conta as prazas dispoñibles nos viarios. Tamén se construíra unha praza pública que ocupará unha superficie de máis de 6.000 metros cadrados. Igualmente, a Consellería

traballa na modificación do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial das Gándaras, unha iniciativa que xa finalizou o seu trámite de exposición pública e que -segundo as previsións do Instituto Galego de Vivenda e Solo- poderá aprobarse en 2021.

O Concello solucionará as máis de 220 eivas atopadas no novo Auditorio

O novo Auditorio de Magoi precisará dun investimento mínimo de 430.000 euros para poder abrir as súas portas debidamente acondicionado e con todas as garantías de seguridade para o público. Así o determina un detallado informe, contratado polo Concello, para avaliar en que estado foi entregado o inmovible. Este completo dossier, de 110 páxinas, recolle máis de 220 deficiencias que atinxen a cuestións relacionadas fundamentalmente coa aparición de filtracións, carencias dos equipamentos ou defectos de relevancia nos sistemas de protección contra incendios e mesmo nas instalacións de gas, ventilación e climatización así como nos propios acabados da edificación.

“Trátase, segundo indican as conclusións do informe elaborado, que o deterioro que presenta o edificio é froito dalgúns erros construtivos pero fundamentalmente do tempo que o inmovible estivo desocupado, sen uso e tamén sen mantemento, ata a súa entrega, pola que agardamos 15 anos. Cómpre lem-



Cos novos custes as arcas municipais financiarán o 21% do total do investimento.

brar que logo de rematar as obras en abril de 2016, o equipamento da dotación non comezou a instalarse até febreiro de 2019”, recordou a rexedora.

Lara Méndez indicou que logo de que a instalación fose recepcionada o pasado mes de xuño e ante o criterio técnico que sinalaba a necesidade de avaliar con exactitude as condicións nas que se encontraba a construción co fin de que a súa apertura non supuxera ningún risco para as persoas usuarias e traballadoras, a administración local procedeu a encargar unha avaliación global. “Un contrato que foi outorgado por

13.310 euros á empresa Inxenium, que elaborou un proxecto de execución de obras no exterior e de posta en marcha das instalacións”, aclarou.

Previamente, houbo que contratar o acondicionamento mínimo da instalación eléctrica co fin de solicitar o subministro definitivo, que se obtivo en novembro de 2020, e o seu reglaxe, traballos que costaron 31.117 euros e que permitiron comezar as probas de funcionamento das distintas instalacións técnicas, traballos necesarios e obrigados para realizar o informe definitivo da situación do inmovible e o seu equipamento.

A Xunta inspeccionou pontes e viadutos de seis estradas autonómicas

Esta actuación enmárcase no Programa de inspección de pontes e obras de paso nas estradas autonómicas, un programa pioneiro co que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén realizando controis e inspeccións periódicos sobre o estado destas infraestruturas de cara a previr posibles deterioros e garantir o bo estado de conservación.

Os controis realízanse coa axuda dun camión especial que permite comprobar a parte inferior do taboleiro e os apoios da estrutura -estribos e piares-. Os traballos foron adjudicados á empresa de enxeñería especializada K2-Appplus.

As inspeccións desenvólvense durante a segunda quincena de marzo, en todos os casos sobre estruturas con luces iguais ou superiores a tres metros. En concreto, comezaron o día 15 na estrada LU-633, nas pontes sobre o río Barrela e sobre o encoro do Miño en Portomarín. Nesta estrada tamén se controlou un paso en San Martiño (Samos).

No corredor CG-2.2, entre Nadela



Labores de inspección das pontes.

e Monforte de Lemos, analizáronse oito infraestruturas, ao seu paso por Bóveda, O Incio e Sarria. Neste último concello tamén figura a ponte sobre o río Sarria na LU-536, e finalmente na LU-533 inclúese o viaduto que une os municipios de Chantada e O Saviñao.

No que respecta á zona norte, inspeccionáronse catro viadutos do corredor da Costa, CG-2., (San Cibrao-Celeiro), todos eles no concello de Xove, así como a ponte sobre o río Xestosa que conecta Oulol e Muras na LU-540.

Primeira reunión previa á constitución da Mesa para a Diversificación Industrial de Lugo

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, presidiu a primeira reunión previa á constitución da Mesa para a Diversificación Industrial de Lugo, como reforzo da estratexia Lugo Transforma. Esta iniciativa busca crear un espazo de acordo entre os colectivos económicos, políticos, sociais e institucionais para converter á cidade nun polo de atracción de empresas.

Participaron o concelleiro de Desenvolvemento Local, Mauricio Repetto; a presidenta da Asociación de Jóvenes Empresarios de Lugo, Noelia López; o secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo, Jaime López; a presidenta da Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo, Beatriz

Varela; e o directivo da Asociación de Empresarios do Ceao-As Gándaras, Ramón Alonso.

Lara Méndez subliñou que “dende o goberno municipal estamos traballando en dúas vertentes; por un lado, paliar a perda de emprego que desgraciadamente se vai a producir como consecuencia da pandemia e, por outro, aproveitar o momento e a oportunidade para fortalecer o noso tecido económico, ter menos dependencia do sector servizos, incluso que ese sector terciario, que é fundamental, se vexa reforzado pola industria que poida vir e, polo tanto, deste xeito, retroalimentarnos e orientarnos en tres liñas básicas: innovación,

economía verde e dixitalización”.

A Mesa para a Diversificación Industrial complementa a Estratexia Lugo Transforma, o fondo emprendedor municipal co que o Concello mobilizará 12 millóns de euros en cinco anos, a maior contía destinada pola administración local en toda a súa historia para diversificar a economía do municipio, moi dependente do sector servizos, un dos que está a sufrir máis as consecuencias da emerxencia económica derivada da pandemia.

A iniciativa porase en marcha no segundo semestre do ano e incluírá catro fases: o contacto con todos os axentes participantes, a organización da mesa para a reindustrialización de Lugo, o deseño



Lara Méndez na reunión.

de medidas de actuación e a implementación e seguimento.

Lugo Transforma

A Estratexia Lugo Transforma, pioneira en Galicia no ámbito municipal, articulase a través da entrada temporal do Concello no capital de proxectos empresariais innovadores a través da modalidade de fondo de capital risco. Deberán ser proxectos de alto valor engadido tanto de empresas pequenas ou medianas así como de nova creación, con potencial de crecemento e con alta capacitación naqueles

sectores que xeren, preferentemente, impacto social e ambiental.

O Concello está inmerso no proceso de adxudicación dun servizo de intermediación financeira para a xestión do fondo municipal, que será o encargado de atraer investimento e empresas co fin de crear postos de traballo en sectores estratéxicos para Lugo, e que acompañen ao modelo de cidade que se está a desenvolver e que a está a situar na vangarda europea en sustentabilidade e na loita contra o cambio climático.

Concello e Paradores acordan impulsar a recuperación da Muralla Medieval de Monforte

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, e o presidente de Paradores de España, Óscar López, mantiveron unha xuntanza de traballo na que acordaron levar a cabo a posta en marcha de accións conxuntas de promoción e mellora, coa finalidade de impulsar a recuperación da Muralla Medieval de San Vicente.

Tras a reunión ofreceron unha rolda de prensa na que explicaron os pormenores das liñas de traballo establecidas por ambas entidades, encamiñadas a acadar dobre obxectivo: recuperar a Muralla Medieval de Monforte e establecer estratexias de promoción turística de Monforte, a través do papel que o Parador de Turismo pode xogar nelas.

O alcalde destacou que “esta reunión serviu para analizar a situación do Parador e do seu entorno, dentro do conxunto de San Vicente. Dende o Concello procuramos poñer en valor todos aqueles elementos que poidan

darlle unha promoción turística a Monforte, e o Parador é un elemento de primeira calidade que nos pode proxectar dentro da rede de Paradores no conxunto do Estado”. Deste xeito, o rexedor monfortino demandou e agradeceu o apoio da Rede de Paradores para a dinamización turística da cidade e de Monforte como capital da Ribeira Sacra.

En relación co proxecto de recuperación da Muralla Medieval, o rexedor monfortino incidiu en que dende o Concello estase a traballar xa para poder iniciar os traballos previos que poidan supor o inicio da recuperación da Muralla e do entorno de San Vicente, dado que a recente aprobación do Plan Especial do Casco Histórico permite contar cunha ferramenta esencial para iniciar actuacións de mellora no casco histórico monfortino.

“Na reunión que mantivemos hoxe, estudamos e analizamos as posibilidades que existen para levar a cabo actuacións que con-

leven a mellora e a recuperación da Muralla de Monforte na súa contorna, coa elaboración de estudos previos e a procura de vías de financiación para elo”, destacou o alcalde.

Neste senso, José Tomé Roca subliñou que “o que queremos é buscar unha solución de conxunto, independentemente de quen sexa o propietario de determinados tramos da Muralla, para recuperar un ben de interese cultural que temos na ladeira que rodea ó conxunto histórico de San Vicente, e no que se atopa o Parador Nacional de Turismo”.

Elemento esencial

Pola súa banda, o presidente de Paradores destacou na súa intervención o dobre obxectivo establecido trala reunión co Alcalde, de recuperación da Muralla monfortina e de promocionar, a través do Parador, as posibilidades turísticas de Monforte e da Ribeira Sacra.

“Es necesario poner de acuerdo a todo el mundo para sacar ade-



Óscar López e José Tomé no Concello de Monforte.

lante el proyecto de recuperación de la Muralla de Monforte”, destacó Óscar López. En este sentido, informou das súas conversas con Turespaña, previas á reunión de hoxe en Monforte, salientando que “Turespaña y Paradores tienen toda la voluntad de elaborar proyectos de promoción turística para Monforte y de colaborar para la rehabilitación de su Muralla, dada su importancia histórica y su valor que como recurso turístico puede suponer”.

O presidente de Paradores tamén destacou as cifras que demostran o bo funcionamento do Parador de Monforte. En 2019, o Parador facturou 1,4 millóns de euros e tivo un índice de ocupación medio, durante as fins de semana do ano, do 71%, e do

51% de media anual. Así mesmo, mostra do bo facer do Parador, foi que o 21% dos clientes en 2019 foron estranxeiros, o cal supón unha moi importante promoción fora das fronteiras de España. Por este motivo, o presidente de Paradores amosou o seu compromiso co Parador monfortino para seguir impulsándoo e posicionándoo dentro dos circuitos de turismo, nacionais e internacionais.

Tras a rolda de prensa, o alcalde e o presidente de Paradores, acompañados pola primeira tenente de alcalde, Gloria Prada, e o concelleiro de Obras e Servizos, José Luís Losada, visitaron as instalacións do Parador así como a Muralla Medieval, concluíndo a visita institucional cunha comida de traballo.

Negro Púrpura, de cando o LSD daba de comer ás familias

Moncho Mariño

O pasado seis de abril a Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE) inauguraba a súa XVI Edición coa pre-estrea do documental Negro Púrpura, un achegamento ao que fora a venda de caruncho do centeo como parte da economía de subsistencia durante os 40 e 50 do século pasado. Con testemuños de persoas que participaron na venda do fungo, descubrimos que a grande maioría descoñecía o potencial lixérsico deste gran negro e que logo axudaría na aparición dunha das drogas recreativas máis usadas no século XX, o LSD, aínda que tamén tivese outros usos máis farmacolóxicos.

A aventura de Adriana Pérez, Sabela Iglesias e Pilar Abades, integrantes da produtora Illa Bufarda, comezou cun fio que saía dunha peza de roupa e logo acaba converténdose nun novelo. “Foi por unha amiga común. Un día na nosa casa comentara que súa avoa traficara con LSD” di Sabela Iglesias. A curiosidade é moi poderosa e logo de preguntar, bucear na Rede e preguntar aquí e acolá, descubriron que a partir do caruncho do centeo (tamén chamado dentón, cornello entre outros nomes) se puido illar e sintetizar a Dietalmida do Ácido Lixérsico (LSD), a droga psicoactiva por excelencia da chamada “Época Hippie”. “Nós non tiñamos coñecemento ningún sobre este tema máis logo preguntamos na casa e si que oíran falar do “dentón””.

Así foi como en 2016 comezaron as pescudas sobre unha historia que prometía ademais de procurar o apoio necesario para materializar o proxecto. Primeiro chegaron axudas para guión e produción da Deputación da Coruña. “Faltaba diñeiro para a rodaxe, a edición e postprodución por iso abrimos un crowdfunding para termos apoio económico, porque a historia estaba escapando e a memoria é fráxil” lembra Adriana. Había que contactar con persoas protagonistas porque o tempo vai moi axiña.



Adriana Pérez, Sabela Iglesias e Pilar Abades, integrantes da produtora Illa Bufarda

“O crowfounding tamén permitiu que a través dos medios e das RRSS persoas interesadas contactaran con nós dicindo “os meus avós tamén saben””. Abríronse moitas portas e persoas que logo aparecen no documental. “Realmente quen aparece en Negro Púrpura son unha mostra moi pequena de todas as entrevistas feitas en Galicia e Norte de Portugal”. Contan as tres implicadas na produción que o contacto cos e coas protagonistas foi doado, non así cantos testemuños inserir no traballo.

As viaxes por Galicia e Portugal deixaron ver canto abranguiña no persoal e no xeográfico, a tarefa que se lles poñía por diante. Por iso, antes de comezar a rodaxe fixeron contactos previos gravando diferentes voces para unha mesma composición. Cando estimaron amplo o número de rexistros recollidos, buscaron entre todos eles as testemuñas con maior carga de historia. Escollidos os rostros que ían aparecer comezou o traballo para crear un guión, unha escaleta e comezar a rodaxe en 2019.

De como un parásito axudou á economía familiar e creando unha industria

As diferentes voces abriron o “camiño do caruncho”, desde quen e como o recollía até quen comercializaba o produto. O primeiro elo da cadea eran

nenos e mulleres, pois aquilo era un traballo “para eles porque non tiña outra cousa que facer”. Visto como un traballo secundario e unha fonte de ingresos en momentos concretos, foi unha tarefa feminizada e de menores. “Isto permitiu a moitas mulleres e fillos delas, ter unha economía propia nuns momentos de penuria”.

A recollida e a venda era un proceso que comezaba nos terreos e acababa en mans de intermediarios para enviaren aos labora-

torios. “As testemuñas contaban como recollían e vendían, logo falaban quen coñecía os seus usos para ostetricia e a relación coas farmacéuticas” vai enumerando Adriana. E a relación con Albert Hoffman e a CIA? “Todo iso saíu da documentación que fomos recollendo e despois metemos no documental como enxertos”. Así aparecen as voces de expertos, artigos de prensa e outras fontes que acompañaron o proceso de creación. Con todo,

non había intención de elaborar un documento científico ou de ensaio.

O proceso para illar os elementos alcaloides do caruncho foi o inicio de moitas investigacións, sobre todo no Instituto Miguel Servet de Vigo e a aparición do purpuripán. En 1936 nace outro grupo escindido do Miguel Servet, o Grupo Zeltia que “mesmo arrendou fincas para inocular o fungo no centeo para aumentar a produción” destaca Sabela. Non obstante, o paso máis decisivo foi o illamento en Zeltia da ergometrina, elemento cun alto valor engadido ao ser un produto estrela das exportacións destes laboratorios e que tamén comercializaron o Pan:Ergot que servía para tratar as dores de cabeza e o glaucoma.

A sintetización dos compoñentes químicos deu por finalizada a “febre do caruncho” e con ela unha porta de entrada de diñeiro extra para familias labregas. Todo foi quedando no esquecemento, na fráxil memoria das persoas até o día en que alguén falou do “tráfico de LSD” en Galicia a mediados do século XX. E a memoria puido ser recollida en imaxes.

UE aproba novo selo de calidade para Mel de Galicia

O Diario Oficial da Unión Europea publicou un documento único modificado, con data 16 de marzo, a raíz da aprobación dos cambios do chamado prego de condicións da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia.

Na probación final por parte da Comisión Europea destaca a incorporación dunha nova categoría de mel, o “mel de melada”, que poderá levar a mención “Mel de bosque” na súa etiquetaxe. O seu espectro polínico corresponderase coas plantas características da vexetación galega, destacando a presenza dos tipos polínicos Castanea sativa, Rubus,



Cytisus/Genista e Erica.

Do mesmo xeito, actualízanse diversos aspectos da descrición sensorial dos diferentes tipos de

mel e rebáixase a porcentaxe de pole de breixo na caracterización meliso-palínoloxica do seu mel monofloral, pasando do 45 ao 30%.